



Nadal cheo de recoñecementos para Oroso

Aínda que os Reis Magos chegarán a Oroso o xoves 5 de xaneiro, os seus agasallos en forma de recoñecementos diversos chegaron durante todo o Nadal. Así, o alcalde Manuel Mirás recolleu un dos galardóns dos II Premios Camiño de Santiago, convocados por Turismo de Galicia e entregados nun acto celebrado Cidade da Cultura ao que asistiron os concelleiros de Turismo, Vanesa Boo, e Cultura, Luís Rey. A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, dixo que estes premios son de "suma importancia" para recoñecer aquelas iniciativas que traballen por conservar e mellorar as distintas rutas do Camiño de Santiago.

Días antes, o Concello felicitaba a Familia Caamagno polo seu terceiro posto na segunda edición do Suns Europe, festival europeo de artes escénicas en linguas minoritarias celebrado en Udine (Italia) e no que o grupo de rock de Sigüeiro representaba a Galicia. Os orosáns competiron canda outras 9 bandas de Italia, Rusia, Francia, Irlanda, Illas Feroe, Inglaterra e Holanda.



Manuel Mirás recolle o Premio Camiño de Santiago (arriba), Familia Caamagno (sobre estas liñas) quedou terceiro no Suns Europe, Sara Gacio Cendal (arriba dereita) gañou o bronce no Campionato de España de Taekwondo e Diego Conde (dereita) foi nomeado académico da Real Academia de Ciencias Veterinarias de España

Outra habituada a recoller galardóns, Sara Gacio Cendal, logrou a medalla de bronce en combate, categoría cadete de menos de 55 quilos, no Campionato de España por Clubs 2016 disputado en Alacante e no que tomaron parte máis de 3.000 deportistas de 300 clubs de toda España. Completou así un

extraordinario trimestre, no que tamén foi ouro no open internacional de Moaña e prata no Torneo Cidade da Coruña

Completa o póker o veterinario Diego Conde, ourensán de berce e veciño de Oroso, que foi elixido académico da Real Academia de Ciencias Veteri-



narias de España (RACVE) dentro da sección 5ª de Historia da Veterinaria. Parabéns a tod@s!





O Pavillón non abrirá ata pasadas as 18.30 horas

A Cabalgata de Reis percorrerá Sigüeiro ata o pavillón, onde terá lugar unha gran festa



O Concello de Oroso celebrará o xoves 5 de xaneiro a súa tradicional Cabalgata e Festa de Reis. A comitiva de Melchor, Gaspar e Baltasar sairá ás 18:00 horas para facer un percorrido polas rúas de Sigüeiro: rúa do Portiño, rúa Insua, praza de Alexandre Bóveda, rúa do Medio, rúa do Portiño, avenida de Compostela, praza da Foca, avenida da Garabanxa, rúa da Cultura, rúa Río Lengüelle, avenida de Compostela e rúa do Xuncal ata a praza Isaac Díaz Pardo. Durante o traxecto repartirán caramelos aptos para celíacos.

Ás 18:15 horas, as Súas Maxestades de Oriente serán recibidas na Casa do Concello pola Corporación Municipal, presidida polo alcalde Manuel Mirás Franqueira. Acto seguido, a comitiva dirixirase ata o pavillón de deportes, onde se agarda a súa chegada ás 19:00 horas para dar comezo a unha gran festa infantil con inchables e música. Todos os nenos e nenas que queiran colaborar como paxe ou pastorcillo na cabalgata deberán anotarse previamente no centro cultural de Sigüeiro (981 690 903).



Oroso organiza un curso de monitor en actividades de tempo libre de 350 horas

O Concello de Oroso organiza un curso de monitor en actividades de tempo libre, cunha fase teórico-práctica de 200 horas lectivas que serán impartidas no CEIP Sigüeiro e outra fase práctica de 14 días de actividade nun campamento ou 150 horas nunha entidade de tempo libre. Un curso que será impartido pola Escola Galega de Tempo Libre todos os sábados entre xaneiro e maio, en horario de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 21:00 horas.



O importe total do curso é de 250 euros, que se poden aboar todos xuntos ou en catro prazos. As inscricións poden realizarse no centro cultural de Sigüeiro e os únicos requisitos son ter máis de 18 anos e, como mínimo, os estudos de Graduado en ESO. As prazas son limitadas, polo que serán outorgadas por orde de inscrición, tendo preferencia as persoas empadroadas no Concello de Oroso. O curso está estruturado en seis partes, comezando cun área de piscosocioloxía e lexislación para pasar a unha área de animación e xogos: xogos de interior e aire libre, dinámicas de animación, grandes xogos, animación deportiva... O alumnado tamén recibirá formación en primeiros auxilios, técnicas de acampada e xogos de educación ambiental e natureza.



Actuación da Escola de Música no Festival de Panxoliñas

Os mestres da Aula de Música de Oroso darán un Concerto de Aninovo



Os mestres da Aula de Música do Concello de Oroso ofrecerán un Concerto de Aninovo o próximo xoves 26 de xaneiro, ás 20:00 horas, no auditorio do centro cultural de Sigüeiro. A entrada é totalmente libre e de balde. Este concerto porá o broche de ouro a unha serie de actuacións musicais celebradas ao longo deste Nadal e que encheron ata os topos o centro cultural como o Concerto de Nadal dos alumnos e alumnas da Escola de Música, o concerto didáctico "Cantarolas para xente miúda" e, en especial, o Concerto de Panxoliñas no que participaron, ademais da propia escola, as agrupacións Buxos Verdes, Néboas no Cumio, Coro Voces Amigas, Coro Santa Catalina e Amigos do Acordeón de Sigüeiro-Oroso. Que sega a música!!!



Gran nivel dos participantes no I Concurso de Escaparates de Oroso

Un total de 13 establecementos comerciais de Sigüeiro participan na primeira edición do Concurso de Escaparates de Nadal organizada polo Concello de Oroso, que repartirá 600 euros en premios e que se desenvolverá ata o 6 de xaneiro. Ata ese día, un xurado que integrado por representantes da hostalería local, da Asociación de Comerciantes, da Mesa de Comercio Local e do Concello de Oroso visitará os establecementos para escoller o mellor. "Cada local pode escoller o tema que desexe, se ben co ambiente propio destas Festas do Nadal", indica o concelleiro de Comercio, Antonio Leira Piñeiro, quen apunta que "o xurado terá especialmente en conta a calidade artística, composición e iluminación do escaparate, así como o uso de elementos tradicionais do Nadal, as súa orixinalidade e o uso do idioma galego".



Haberá tres premios (de 300, 200 e 100 euros) que serán entregados nun acto que terá lugar o día 10 de xaneiro, ás 21:00 horas, no salón de plenos do Concello de Oroso. Ese día entregaranse tamén os premios do concurso convocado no Facebook oficial do Concello de Oroso, que vai xa por máis de 2.000 votos. O escaparate con máis "Góstames" recibirá unha cea nun restaurante do concello. Ademais, entre todas as persoas que voten en Facebook sortearase outra cea para dúas persoas nun restaurante do concello. Moita sorte a todos/as!!!



O Concello informa do prazo de solicitude do Programa de Termalismo Social

O Concello informa da apertura do prazo de solicitude do Programa de Termalismo para pensionistas do Imerso, que dá dereito a quendas nun balneario cunha duración de entre 10 ou 12 días. Para as quendas de febreiro a agosto, o prazo de presentación estará aberto ata o 13 de xaneiro; mentres que para as quendas dos meses de setembro a decembro poderase entregar a documentación ata o 12 de maio. Para optar a este programa é preciso ser pensionista. Máis información e presentación de solicitudes nos Servizos Sociais de Oroso (rúa do Deporte, 981 688 950).




A Aula CeMIT de Sigüeiro organiza un curso gratuito de deseño con QCAD

O Concello de Oroso convoca un Curso de Deseño con QCAD, que terá lugar entre o luns 9 e o xoves 12 de xaneiro en horario de 10:00 a 12:00 horas. Un curso gratuito, de 10 horas de duración que terá lugar na Aula CeMIT de Sigüeiro-Oroso e para o que é preciso matricularse antes do 9 de xaneiro neste enlace: <https://cemit.xunta.gal/es/actividade/19547>. o curso pretende iniciar ao alumnado nesta aplicación de deseño asistido por ordenador, cuxa función é a representación gráfica de carácter técnico. O único requisito é ter un mínimo de 16 anos.



Convocado o II Certame Internacional de Traballos de Investigación do Camiño Inglés

O Concello de Oroso lembra que está aberto o prazo de recepción de traballos para a segunda edición do Certame Internacional de Traballos de Investigación do Camiño Inglés. O certame está aberto a calquera persoa que desexe participar, sempre que o seu traballo se refira a calquera faceta do Camiño Inglés tanto en Galicia como noutras partes de España ou do mundo. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, e poderán entregarse en galego normativo, castelán ou inglés. O Concello de Oroso establece tres categorías: investigadores, peregrinos maiores de 18 anos e mozos/as menores de 18 anos. Os traballos deberán presentarse en soporte papel no centro cultural de Sigüeiro e enviarse en PDF ou Word ao mail cultura@concellooroso.com. A data límite de presentación será o 31 de marzo de 2017.



FOI NOTICIA...

Un Nadal para gozar en familia!



Un dos obradoiros de Nadal



Papá Noel e Troi coa ED Xuventude



Concerto "Cantarolas para xente miuda"



O festival de panxoliñas consolídase como unha das citas máis concorridas e os grupos ofrecen actuacións de gran nivel



Gran éxito de participación no Concerto de Nadal da Aula de Música de Oroso



Gran estreo para Mercado de Artesanía



Videokonferencia con Papá Noel



Paxe e Carteiro Reais recolleron as cartas nas garderías, CRA e residencia de maiores



O Belén Vivente da Gardería Municipal da Ulloa volveu dar o pistoletazo de saída ao Programa de Nadal do Concello de Oroso

